

PLANIFICACIÓN ESTRATÉXICA

ELABORADO: Benigno Vara
DATA: 2019-2022

MISIÓN

ADISBISMUR promove a igualdade de oportunidades e a inclusión social das persoas con discapacidade por medio de unha serie de actividades como:

- Formación
- Información
- Emprego
- Saúde
- Accesibilidade universal
- Ocio e Tempo Libre
- Asesoramento

E outros medios que non oferten as administracións públicas responsables da súa atención.

VISIÓN

Queremos que a sociedade perciba a ADISBISMUR como unha organización comprometida coa Discapacidade, eficaz, eficiente e que presta servizos de calidade

PRINCIPIOS E VALORES

- Traballo en equipo: A planificación e as decisións estratéxicas, a resolución de conflitos de importancia son traballos que se farán en equipo
- Colaboración: entre o equipo técnico, usuarios, familias, institucións e a sociedade en xeral
- Transparencia: facilitarase o acceso as nosas instalacións e a visita as nosas actividades, evitando o ocultismo
- Apoio mutuo: entre traballadores e voluntarios a hora de desenrolar as actividades diarias
- Mellora continua: ADISBISMUR promoverá a mellora continua a todos os niveis da organización
- Eficacia: No logro dos nosos obxectivos
- Eficiencia: Na xestión dos nosos recursos

ANÁLISE DAFO

MATRIZ DAFO			AMENAZAS	OPORTUNIDADES
PUNTOS FORTES	1	Productos de calidade	Aumento do custe das materias primas	
	2	Talento humano	Reducción das subvencións	
	3	Equipo multidisciplinar comprometido	Gran dependencia da Xunta por os contratos das prazas	
	4	Boa relación entre profesionais e familias	Escasez de financiamento privado	
	5	Traballadores con formación adecuada e con experiencia.	Baixo nivel socio-económico da zona	
	6	Declaración de utilidade pública		
	7	Gran experiencia da entidade		
	8	Involucración da Xunta Directiva		
	9	Capacidade colaborativa da asociación		
PUNTOS DEBILES	1	Falta de financiación para realización de mais actividades e contratación de mais persoal		Formación a través da Fundae
	2	Ausencia de un plan para captación de fondos		Aproveitamento dos Servizos Prestados con presas externas.
	3	Síntomas de desmotivación en parte do persoal por anteriores incidentes.		Diversidade nas actividades que realizamos que permite xenerar recursos.
	4	Ausencia de auditoría de contas		Recursos naturais para explotación de novas actividades recursos propios.
	5	Ausencia de selo de calidade		Intercambio de experiencias con outras asociacións
	6	Ubicación do Centro en zona rural		Creación de tenda online
	7	Descoñecemento da organización por parte da sociedade		

OBXECTIVOS ESTRATÉXICOS

A hora de formular os obxectivos estratéxicos, tívose en conta a análise DAFO, e tamén as enquisas de necesidades e expectativas feitas aos grupos de interese. A vista da análise DAFO, trátase de potenciar as fortalezas, superar as debilidades e ao mesmo tempo aproveitar as oportunidades para protexernos das ameazas.

Os obxectivos que o comité de planificación acordou establecer no plan estratéxico para estes catro anos son os seguintes:

OBXETIVO 1: COMUNICACIÓNS.

1.1 Incorporación tenda on-line na páxina web.

Subir a páxina os produtos dos nosos talleres ocupacionais.

- **Responsable:** Coordinador/a /Director/a do centro.
- **Indicadores:** Qué esté feita no 2020.
- **Obxectivo:** Dar a coñecer os nosos produtos e aumentar as vendas.
- **Calendario:** Decembro 2020.

1.2 Acercamento inclusivo a Sociedade.

Facer actividades conxuntas usuarios/as e a Sociedade, falando con Concellos, escolas, institutos e escolas deportivas.

- **Responsable:** Xunta Directiva.
- **Indicadores:** Cada ano facer algunha actividade conxunta.
- **Obxectivo:** Acercamento inclusivo a Sociedade a través do deporte e outras actividades.
- **Calendario:** 2019-2022.

OBXETIVO 2: FINANCIAMENTO.

2.1. Aumentar o numero de plazas no contrato ca xunta.

Ter reunións cos responsables de Cogami para que por medio deles se soliciten as plazas.

- **Responsable:** Xunta directiva
- **Indicadores:** Conseguir algunha plaza en estes catro anos.
- **Obxectivo:** Todas as persoas que acuden o centro financien as súas plazas a Xunta.
- **Calendario:** 2019 a 2022

2.2 Aumentar o financiamento propio.

Aumentar a produción e a venda dos produtos dos talleres e os produtos hortícolas, aproveitando a **xestión** da tenda online

- **Responsable:** Xunta Directiva e Coordinador/a do centro.
- **Indicadores:** 5% aumento respecto o ano anterior.
- **Obxectivo:** Aumentar a produtividade dos talleres do centro.
- **Calendario:** 2019 a 2022

2.3 . Manter ou reducir costes.

Manter os gastos establecidos no presuposto anual e intentar reducilos.

- **Responsable:** Xunta Directiva.
- **Indicadores:** Non superar os costes do ano anterior.
- **Obxectivo:** Non sobrepasar o presuposto anual.
- **Calendario:** 2019-2022.

2.4 Aumentar financiamento de empresas privadas.

Visitar as empresas privadas da zona, para darnos a coñecer e pedir financiación a cambio publicidade.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** Unha empresa o ano colabore con nos.
- **Obxectivo:** Conseguir financiación para necesidades do centro.
- **Calendario:** 2019 a 2022.

2.5 Colaboración dos concellos.

Que os concellos que aínda non financian os gastos do transporte das persoas que acuden o centro, que o fagan

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** En 4 anos lograr a colaboración dos 4 concellos.
- **Obxectivo:** Conseguir as axudas para o transporte.
- **Calendario:** 2019-2022.

3.OBXETIVO 3: FORMACIÓN.

3.1. Seguir ca Fundae.

Firmouse un convenio con Cogami para realizar a formación conxunta a través da Fundae.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** 60% do persoal faga un curso anual.
- **Obxectivo:** Aumentar a formación do persoal.
- **Calendario:** 2019 a 2022.

4.OBXETIVO 4: PERSOAL.

4.1.Mellorar as condicións laborais.

En estos catro anos intentarase mellorar as condicións laborais dos traballadores abordando varios puntos:

- 1) Plans de pensións.
 - 2) Aumentar o salario dos traballadores.
- **Responsable:** Xunta Directiva.

- **Indicadores:** Conseguir algún dos puntos propostos.
- **Obxectivo:** Mellorar as condicións dos traballadores de Adisbismur.
- **Calendario:** 2019 a 2022

4.2.Seguir aproveitando os Programas de Cooperación.

Mentres a Xunta siga convocando os programas de Cooperación aproveitaremos estas subvencións para ampliar a plantilla.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** Mínimo de 2 traballadores
- **Obxectivo:** Aumentar plantilla para dar un servizo máis profesional.
- **Calendario:** 2019 a 2022.

OBXETIVO: 5.CERTIFICACIÓNS.

5.1.Conseguir o selo EFQM.

Estamos traballando ca asesora e certificadora grupo Develop, para conseguir o selo EFQM.

- **Responsable:** Xunta directiva.
- **Obxectivo:** Obter o selo nun ano.
- **Indicadores:** Conseguir o selo EFQM 200+.
- **Calendario:** 2019-2022.

5.2.Auditoria de contas externa.

Facer unha auditoria externa de contas.

- **Responsable:**Xunta directiva.
- **Indicadores:** Colaboración para conseguir a Auditoria
- **Obxectivo:** Conseguir a auditoria externa de contas
- **Calendario:** 2019-2022

OBXETIVO. 6.SERVIZOS CENTRO DE RECURSOS.

6.1.Cambiar unha furgoneta.

Conseguir subvencións para a adquisición dunha furgoneta.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** 2 Solicitudes de subvencións anuais ata conseguila.
- **Obxectivo:** Mellorar o servizo de transporte
- **Calendario:** 2019 a 2022.

6.2..Manter os servizos especializados para os vindeiros catro anos.

Manter os servizos de fisioterapia e logopedia e aproveitar os programas de cooperación para seguir mantendo o servizo de terapeuta ocupacional e educador/a social durante os 4 anos.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** 1 terapeuta e 1 educador/a por contrato de cooperación o ano.

- **Obxectivo:** Manter ou aumentar os servizos especializados para os vindeiros catro anos
- **Calendario:** 2019 a 2022.

6.3. Iniciar os trámites para adquisición dunha vivenda tutelada.

Localizar unha vivenda que se adecúe para ese fin e solicitar subvencions para a adquisición e adaptación da mesma.

- **Responsable:** Xunta Directiva
- **Indicadores:** 2 visitas mensuais a inmobiliarias da zona.
- 1 subvención solicitada anualmente, unha vez seleccionado o inmovible
- **Obxectivo:** Adquirir unha vivenda tutelada.
- **Calendario:** 2019 a 2022.